



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Antonio:

Algún día era yo
de tu plato mejor sopa
e agora soy un veneno
de los labios de tu boca.

Dolores:

Algún día ben che quisen,
e agora xa non é tanto,
vouche perdend´o cariño
com´o resío no campo.

A:

Na sombra do oliveiro
nin chove nin vai erballo,
rapasa, s´ha de ser miña
non me deias mais traballo.

D:

Alghún día ós meus amores
é ranch´un regalo velos,
agora tanto me dá,
amalos coma perdelos.

Arrehegat´arrehega,
arrehegat´amor meu,
arrehegat´arrehega,
se non arrehegom´eu.

Canta si queres cantar,
qu´o cantar non che derrama
se non che quer derramar-e.

A:

/:Meniña, quén che me dera:/
na beira da túa cama
anque non dormira nela.

D:

Amor mío, come y bebe
y de mi no tengas duelo
que me tienes tan segura
como el agua nun pañuelo.

Dis que te vas dis que te vas
sa te podías ter ido,
se ti foras hai una ano
tiñach´o ... fervido.



A:

/:Arrímate a mi cintura:/
que tengo una planta buena
que todes los males cura.

D:

/:Chégat´a cabo de min:/
que che quero preguntar
en que ch´eu aborresín-he.

A:

/:Sardiñeira das sardiñas:/
quén che dera entre as pernas
o qu´eu teño entre as miñas.

D:

Fostes falar mal de min
aunque tanto me querías
sabendo qu´aquela sente
a min todo me desía.

A:

O río cando vai cheo
leva carballos e follas
tamén podía levar
linguas marmuradoras.

E si souberas cóm´eu teño
o meu corasón por dentro,
non me dabas unha fala
nin tiñas atrevimiento.

D:

Cada ves que considero
y vuelvo a considerar,
echo los ojos en tierra
no hago más que llorar.

A:

Túa nai a maila miña
quedan no río berrando
por cuenta dunha galiña
que tén amores co galo.

/:A Carnota non vou máis:/
que me pican as areas,
as espiñas moito máis.

D:

/:Corasón aleonado,
eu non cho aleonei,
aleonároncho outros,
agora qué ch´eu farei:/.



Coloradiña da cara,
eu non a quixera ser,
o amor qu' é colorado
todos a queren comer-e.

A:

O corasón e os ollos
son dúas cousas leales
cand' o corasón tén pena
os ollos dan os sinais.

D:

Teñ' un amor que me fala,
outro que me da diñeiro,
outro que me desengaña
aquel é o verdadeiro.

A:

A raí do toxo verde
i-é moi mala d'arrincar
e tamén o pirmeiro amor
é moi malo de olvidar-e.

Costureira non' a quero
que a quero teselana,
ergu' un pé e baix' o outro
axéitase ben na cama.

/:"Cómo quere-lo amor-e":/
"Pequeniño e ben feito,
que sea traballador".

O amor da costureira
era papel e mollouse
agora é costureiriña
o teu amor acabouse.

/:Borracho para beber:/
si comeras como bebes
quén ch' había de manter.

Oscura noche sin luna,
trist' es el día sin sol,
ai qué penita la mía
cuando no veo a mi amor.

/:Eres como una veleta:/
eres como el el que cambia
pano fino por baeta.



/:Arrúa quen tén pesetas/
tamén eu iba ruar
se ch'apalpara nas tetas.

/:Boteich'unha, boteich'outra/
inda ch'hei de botar unha
que ch'hei de erghe-la roupa.

/:Ah, tunante;, dónde vés/
do muíño da Fervenza
ca chaqueta de revés.